



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 6 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PÉREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PÉREZ VILLAR
JESÚS ROMERO CARRACELAS
ERMITAS GARCÍA RÍOS
MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ
LUÍS RUBIDO RAMONDE
ESTEBAN BLANCO GARROTE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a Concelleira:
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

MARÍA DEL MAR ANTÓN BRAGE

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 09:30 horas do día 6 de xullo de 2022, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria Accidental da Corporación, dona María del Mar Antón Brage, que dá fe do acto. A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



1. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE USO DA VÍA FERRATA SENDA DO SANTO

O Sr. Alcalde di: Como xa expliquei o outro día na Comisión Informativa, queríamos levar este regulamento xunto cos orzamentos participativos, pero non deu tempo a facer o informe para levalo ao Pleno anterior e como o Pleno anterior tiñamos que celebralo antes do remate das clases, por iso tivemos que convocar outro Pleno extraordinario.

Pola Secretaria Accidental dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 1 de xullo de 2022, que di:

“Vista a proposición de Alcaldía asinada con data 28.06.2022, que dí:

“**PABLO DIEGO MOREDA GIL**, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICION**:

De acordo co previsto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio ostenta competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer, e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

No termo municipal de Cedeira, na Serra da Capelada, parroquia de Régoa, sitúase a Vía ferrata Senda do Santo. As vías ferratas son instalacións deportivas no medio natural, cunha incipiente expansión en España, sendo a promovida polo noso concello a primeira de Galicia.

Ante a inexistencia de normas oficiais que regulen a xestión e uso destas instalacións, e co obxecto de garantir unha práctica segura por parte das persoas deportistas, así como unha xestión sostible da propia instalación, situada nun entorno de alto valor paisaxístico e natural, o Concello pretende regular o uso da Vía ferrata Senda do Santo por parte das persoas deportistas e das entidades usuarias, establecendo, para estas últimas, un proceso de autorización de uso da instalación.

Con dita finalidade contratouse polo Concello o servizo de asistencia técnica dos servizos de xestión de información de uso e seguridade, definición do regulamento de uso e procedemento de autorización de uso referidos á vía ferrata “Senda do Santo”, redactándose un regulamento de uso da Vía ferrata Senda do Santo.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal en data 28 de xuño de 2022.

Ao abeiro do previsto nos artigos 22.2 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento de uso da Vía ferrata Senda do Santo, que se incorpora como Anexo.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados durante trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.



TERCEIRO.- Simultaneamente, publicarase o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos os trámites relacionados co presente expediente.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.

Cedeira, asinado dixitalmente
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

ANEXO

REGULAMENTO DE USO DA VÍA FERRATA SENDA DO SANTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local reconece ao municipio a facultade de promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ademais, o seu segundo apartado indica que é competencia do municipio a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer e a promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Neste contexto, o Concello pretende coa presente norma regular o uso da Vía ferrata Senda do Santo por parte das persoas deportistas e das entidades usuarias. Para estas últimas establécese, así mesmo, un proceso de autorización de uso da instalación. As vías ferratas son instalacións deportivas no medio natural, cunha incipiente expansión en España, sendo a promovida por este concello, a primeira de Galicia.

Unha vía ferrata é unha instalación deportiva non convencional formada por un percorrido en montaña mesturando tramos verticais e horizontais, instalado nas partes mais verticais dos afloramentos rochosos e paredes das montañas. Este percorrido está equipado con diferentes sistemas de seguridade que permiten ás persoas deportistas avanzar de maneira protexida e segura. A progresión realízase a través de varios elementos instalados de forma artificial como grampas, cadeas, cravos ou pasamáns. A dirección do percorrido queda marcada pola liña de vida, cable que acompaña de principio a fin á persoa usuaria e a mantén suxeita de forma continuada na progresión.

Ante a inexistencia de normas oficiais que regulen a xestión e uso destas instalacións, e co obxecto de garantir unha práctica segura por parte das persoas deportistas, así como unha xestión sostible da propia instalación, situada nun entorno de alto valor paisaxístico e natural, o Concello de Cedeira regula tanto o proceso de autorización de uso, como o propio uso por parte das persoas deportistas.

DESCRICIÓN TÉCNICA DA VÍA FERRATA SENDA DO SANTO



O deseño, construción e instalación da Vía ferrata Senda do Santo foi realizado baixo a norma: *Deseño/construción de vía ferrata (versión consolidada) UNE-EN 16869 Mayo 2018, norma elaborada polo comité técnico CTN 147 Deportes. Equipamentos e instalacións deportivas, cuxa secretaría deseña IBV.*

A Vía ferrata Senda do Santo está situada na Serra da Capelada no termo municipal de Cedeira, parroquia de Régoa. Instalase nas proximidades do cumio O Compaso, cunha altitude de 486m sobre o nivel do mar, segundo datos do Instituto Xeográfico Nacional. A súa ubicación xeográfica fai deste lugar unha atalaia natural privilexiada dende a que se pode observar parte da paisaxe característica de cantís atlánticos que definen a orografía do territorio de Cedeira. Os Cantís de Cortes e o pobo de Santo André de Teixido dominan a panorámica, situados a poucos quilómetros do pé de Vía da Senda do Santo. Ademais, a instalación atópase no denominado Complexo Xeolóxico Cabo Ortegá, territorio con relevancia científica internacional a nivel xeolóxico. Aínda que o percorrido non está no límite de ningunha figura de protección natural vixente, os cumios adxacentes forman parte do ZEC Costa Ártabra (Rede Natura 2000), polo que a protección, conservación e respecto polo medio é considerara como prioritaria.

Esta vía pertence ao grupo denominado como vías ferratas deportivas. Trátase dun percorrido relativamente curto onde o achegamento ao inicio e o retorno da instalación están sinalizados e son de doado acceso. A progresión na vía realízase mediante o apoio en elementos artificiais como pontes, bancos ou escaleiras que, ademais de dar seguridade, fan mais atractivo o percorrido. É obrigatorio, para a realización da actividade, un coñecemento das técnicas e material de escalada, sumado a unha boa condición física.

A Senda do Santo ten un total de 124 metros de progresión, acadando os 60m de altura no punto mais elevado do percorrido dende o seu punto de inicio. O tempo estimado para a súa realización en condicións *normais* (bo estado físico, coñecemento do material e do medio, e condicións meteorolóxicas estables), é de 1 hora e 45 minutos incluíndo o acceso a pé de vía e o regreso unha vez rematada a actividade.

O nivel de dificultade da vía ferrata Senda do Santo é de K2 - pouco difícil. Tómase de referencia a catalogación na Escala Hüsler actualizada, na que se clasifican as vías ferratas baixo catro aspectos fundamentais: forza requirida, resistencia, experiencia en montaña e aspectos psicolóxicos.

Escala Hüsler actualizada:

- K1 Fácil
- K2 Pouco difícil SENDA DO SANTO**
- K3 Algo difícil
- K4 Difícil
- K5 Moi difícil
- K6 Extremadamente difícil

O plano e ficha técnica da Vía Senda do Santo está dispoñible para a súa consulta e descarga na web do concello de Cedeira (cedeira.gal), así como na carteleira informativa da propia instalación. As



modificacións, ampliacións ou actualizacións da vía que se podan producir no futuro, serán publicadas nos mesmos soportes e medios de difusión.

As coordenadas de inicio da Vía ferrata Senda do Santo son as seguintes:

- Coordenadas xeográficas ETRS89: 43° 42' 26,81"N / 7° 58' 24,79"W
- Coordenadas UTM Uso29: X-582697,97 / Y-4 839892,46

Coordenadas de remate da Vía ferrata Senda do Santo son:

- Coordenadas xeográficas ETRS89: 43° 42' 26,67" N / 7° 58' 19,43" W
- Coordenadas UTM Uso29: X-582 817,96 / Y-4 839 889,53

ARTIGO PRIMERO - Obxecto

O obxecto do presente documento é regular o uso da Vía ferrata Senda do Santo por parte das persoas deportistas e das entidades usuarias. Para estas últimas establécese, así mesmo, un proceso de autorización de uso da instalación.

O uso desta instalación deportiva debe realizarse baixo os principios da seguridade persoal das persoas deportistas e dos seus guías e acompañantes, se os houbera, así como do respecto e coidado do entorno natural no que se ubica a vía ferrata, logrando así unha xestión sostible desta instalación deportiva.

ARTIGO SEGUNDO – Xestión e mantemento

O concello de Cedeira é o promotor desta instalación deportiva. Poderá realizar a xestión do seu uso, así como o axeitado mantemento, tanto a través de medios propios, como por medio de terceiros que contén coa solvencia técnica necesaria para as tarefas a executar.

ARTIGO TERCEIRO – Uso público

As vías ferratas son instalacións deportivas non convencionais, das recollidas no artigo 76 *Definición de instalación deportiva* da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Son instalacións ao aire libre, situadas na natureza, e non contan con limitacións físicas para regular e/ou impedir o seu acceso libre. Así, o seu uso regúlase e límitase polo establecido nesta norma, que ordena a súa xestión e uso, sexa de forma individual e libre por parte das persoas deportistas, ou por medio dunha entidade pública ou privada organizadora dunha actividade.

A responsabilidade de uso recae nas persoas deportistas usuarias ou, de selo caso, naquelas entidades organizadoras dunha actividade desenvolvida na vía ferrata, que guien, dirixan e/ou realicen indicacións ás persoas usuarias, sexa esta organización realizada mediante contraprestación económica ou non. Deberán, polo tanto, realizar a súa actividade conforme ao establecido neste regulamento, así como noutras normas sectoriais que se sexan de aplicación, por exemplo do ámbito do deporte ou do turismo activo, que puideran recoller especificacións técnicas ou administrativas para a realización desta actividade por parte de ditas entidades.

O uso por parte de entidades organizadoras require autorización municipal segundo o establecido na cláusula quinta deste regulamento.



ARTIGO CUARTO – Persoas usuarias

Poderán facer uso da instalación Vía ferrata Senda do Santo, coas limitacións e requirimentos reflectidos para cada grupo dos establecidos nos seguintes parágrafos nesta cláusula, aquelas persoas, cun peso corporal igual ou maior a 40 quilos e menor de 120 quilos, e cunha estatura maior de 1,34m (esixencias establecidas en base a catalogación de grado de dificultade da vía K2 – pouco difícil) que sexan:

- Maiores de idade, ou
- Menores de idade (entre 12 anos cumpridos e 18 anos) que estean acompañados da persoa que ostenta a súa tutela legal ou, de ser o caso, empreguen a instalación por medio dunha das entidades descritas no grupo 2, que teñan solicitado autorización de uso; e que, ademais, conte coa autorización consentida da persoa que ostente dita tutela legal.

Ademais do anterior deberá valorarse o axeitado das condicións meteorolóxicas para a realización da actividade con seguridade, sendo responsabilidade da persoa usuaria ou, de ser o caso, da entidade organizadora, informarse sobre a previsión meteorolóxica. Deberá prestarse especial atención ás previsións de tormentas, prohibíndose o uso da instalación nos momentos de previsión de tormenta.

Tamén deberá terse informado a unha terceira persoa, non presente no lugar da actividade, do día, hora e lugar da realización da actividade.

Debido ao risco propio das actividades deportivas no medio natural, maior naquelas nas que se require dunha importante destreza técnica polo emprego de material técnico de seguridade, é necesario limitar o acceso público universal a esta instalación e, polo tanto, unicamente poderán empregar a Vía ferrata Senda do Santo aquelas persoas e entidades que se encadren nalgún dos seguintes dous grupos:

GRUPO 1. Deportistas

Son aquelas persoas con capacidade técnica e física axeitada para a realización desta actividade, que estean actualmente en posesión, e dende polo menos 6 meses antes do día de acceso á Vía ferrata Senda do Santo, dunha licenza federativa oficial, de deportista ou adestrador/a, propia da práctica da vía ferrata, emitida por unha federación deportiva autonómica, española, ou de terceiros países.

Cada deportista federado é o responsable de comprobar, e acreditar de ser necesario, que a súa licenza recolle esta modalidade deportiva, ao tempo que debe valorar o seu estado físico e coñecemento técnico para realizar con solvencia esta actividade. Así mesmo deberá informarse sobre si a expedición da licenza deportiva que posúe inclúe un seguro de accidente deportivo que, ademais da cobertura de danos propios, inclúa o rescate en caso de accidente. En caso contrario deberá contratar unha póliza de seguro propia.

Non está autorizado o uso desta instalación a persoas que non cumpran o establecido nos dous parágrafos anteriores. No caso de non posuír, tal como se describe, unha licenza deportiva, é necesario realizar a actividade por medio dunha das entidades descritas no Grupo 2.

GRUPO 2. Persoas e entidades organizadoras



Son aquelas persoas físicas, entidades privadas ou públicas, como empresas de turismo activo, federacións deportivas, clubs deportivos, centros de ensinanza e formación oficiais de titulacións deportivas, así como outras entidades ou administracións públicas que teñan entre os seus estatutos, competencias e/ou funcións a ensinanza, formación, promoción e/ou práctica desta especialidade deportiva.

Neste grupo inclúense a aquelas persoas e entidades que organicen actividades con persoas usuarias que cumpran ou non co reflectido para as persoas usuarias do grupo 1.

A persoa ou entidade organizadora, ademais de cumprir coa normativa sectorial que lle corresponda segundo o ámbito principal no que realiza a súa actividade (ámbito do deporte, do turismo activo, das ensinanzas oficiais, ou calquera outro ámbito que inclúa nas súas funcións e/ou estatutos a práctica desta especialidade deportiva), deberá estar en situación de acreditar, de serlle requirido, no momento da solicitude de uso da instalación e durante o tempo de realización da actividade:

- Que conta con todas as autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da actividade.
- Que está correctamente inscrita no rexistro público que corresponda.
- Que todos os equipos que a entidade pon a disposición das persoas usuarias están homologados polos organismos correspondentes, e que reúnen as condicións de seguridade e garantías necesarias para o uso ao que se destinen.
- Que todas as persoas participantes contan cun seguro de accidente deportivo, axeitado e suficiente para a actividade a realizar, que inclúa unha indemnización para supostos de perdas anatómicas e funcionais, e de falecemento, así como a asistencia sanitaria, e o rescate, traslado e asistencia derivados dos accidentes producidos no desenvolvemento da súa actividade.
- Que ten contratado un seguro de responsabilidade civil axeitado e suficiente para a actividade a realizar, polos danos que puidesen ocasionarse ás persoas usuarias, así como a calquera outra persoa, como consecuencia da realización da actividade.
- Que a persoa que guía e dirixe a actividade posúe unha titulación oficial, ou certificado de profesionalidade, que o habilite para as funcións que realiza para unha vía ferrata.
- Que conta, por escrito, cun procedemento ou protocolo de actuación en caso de accidente ou emerxencia, adaptado á Vía ferrata Senda do Santo.

ARTIGO QUINTO – Solicitude de uso da instalación.

Grupo 1. Deportistas

As persoas usuarias encadradas neste grupo, segundo se define na cláusula cuarta deste regulamento, cando realizan a actividade de forma individual e libre, non participando dun grupo no que existe unha persoa que dirixe e/ou guía a actividade, non deberán comunicar ao Concello de Cedeira a realización da súa actividade.

Cando estas persoas realicen a actividade de forma organizada, regular e coa organización, dirección e/ou guiado dunha persoa o entidade responsable, ésta deberá cumprir o que nesta norma se regula para o grupo 2.

Grupo 2. Persoas e entidades organizadoras



As persoas e entidades, públicas ou privadas, segundo as características descritas na cláusula cuarta deste regulamento, que organicen e/ou dirixan unha actividade, para persoas usuarias que cumpran ou non cos requirimentos do Grupo 1 Deportistas, deberán solicitar autorización de uso ante o Concello de Cedeira.

Esta autorización realizarase mediante a sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal/>), no apartado “solicitud xeral”, axuntando cuberto e asinado de xeito manuscrito ou con sinatura electrónica o anexo 1 deste regulamento.

As entidades solicitantes realizarán esta solicitude mediante un procedemento de “Comunicación previa” de realización da actividade. Deberán reflectir a data de realización da actividade ou primeira actividade que será en data posterior, nun mínimo de 15 días naturais, á data de presentación da solicitude.

As entidades solicitantes poden realizar a actividade salvo comunicación contraria por parte deste Concello. No modelo de comunicación previa realizarase unha declaración responsable conforme a entidade cumpre cos requisitos reflectidos na cláusula cuarta deste regulamento.

A autorización de uso estenderase a un máximo dun ano dende a data de presentación da comunicación previa. Unha vez transcorrido este ano é necesario realizar unha nova solicitude.

ARTIGO SEXTO – Seguridade

As persoas e entidades que fagan uso desta instalación, ademais das normas de seguridade que se establezan na normativa sectorial do seu ámbito de actividade que lles sexa de aplicación, deberán cumprir obrigatoriamente, e con carácter mínimo, o seguinte:

- Consultar a previsión meteorolóxica e, cos datos obtidos, avaliar a conveniencia por cuestións de seguridade de realizar a actividade.
- Informar a unha terceira persoa, non presente no lugar da actividade, do día, hora e lugar da realización da actividade.
- Dispor do equipo de material individual de seguridade obrigatorio para a correcta realización da actividade. Este equipo individual deberá estar homologado e en perfecto estado para o seu uso en vías ferratas.

Recomendase un equipo mínimo individual imprescindible de: casco, arnés, cabo de ancoraxe con dissipador de enerxía e mosquetóns correspondentes, cabo de ancoraxe fixo con mosquetón para o descanso, algunha cinta expres e cintas planas para posibles manobras de evacuación, luvas, calzado adherente e roupa acorde coas condicións meteorolóxicas previstas para o día de actividade.

O equipo individual de seguridade deberá estar posto con carácter previo á aproximación ao punto de inicio da actividade, evitando calquera tipo de lesións que poidan acontecer nas inmediacións da instalación como algún desprendemento de rochas. O equipo individual de seguridade será



retirado unha vez se comece o descenso en sendeiro evitando danos que poidan acontecer nas inmediacións da instalación.

- As persoas responsables do guiado e dirección da actividade deberán avaliar, xunto coas persoas usuarias, que o nivel de dificultade da vía é axeitado para a condición física e nivel habilidades motrices de ditas persoas usuarias.
- Permanecer ancorado á liña de vida durante todo o percorrido.
- Respetar a distancia mínima de seguridade en progresión individual en vías ferratas cando nos atopamos varias persoas facendo o percorrido. Nunca ancorarse no mesmo tramo da liña de vida que outra persoa.
- Cando a actividade é realizada en grupo, as persoas con maior experiencia e coñecemento técnico deberán ser os que abran e pechen a expedición, deixando no medio da progresión as persoas menos expertas, para posibles casos de axuda.
- O sentido do percorrido será sempre o indicado de avance na carteleira e plano informativo.
- Non abandonar en ningún momento o itinerario marcado, salvo nas zonas de escape e tendo a capacidade e autonomía suficiente para realizalo.
- As persoas usuarias non poderán realizar a actividade baixo a influencia do alcol ou de calquera sustancia que poida alterar as súas capacidades psicofísicas.
- Prohíbese o acceso e a realización da actividade en condicións de pouca visibilidade, así como no o tramo horario entre a posta e saída do sol.
- Dispor dun equipo de comunicación portátil como teléfono móbil ou radio.

ARTIGO SÉTIMO – Respecto e coidado da instalación e do seu entorno

A Vía ferrata Senda do Santo está ubicada nun lugar con gran valor paisaxístico e ambiental. O seu uso non debe alterar este entorno natural e, con este motivo, defínense as seguintes medidas de protección ambiental:

- O traslado ata a zona de inicio de vía ferrata debe realizarse polos sendeiros existentes, non danando a vexetación adxacente.
- Non deberá realizarse ningunha actuación sobre as rochas do lugar.
- Respetarase aos animais que poida haber no entorno.
- Os vehículos deberán quedar estacionados nas zonas permitidas.
- A actividade debe realizarse coa menor contaminación acústica posible, quedando prohibido poñer música, cantar ou berrar.
- Os residuos xerados no tempo de duración de actividade terán que ser portados por cada persoa usuaria ata algún punto de recollida selectiva de lixo.
- Queda prohibido facer calquera tipo de lume en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA – Entrada en vigor

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ao previsto no art. 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 de Bases de réxime local.

Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ANEXO 1. COMUNICACIÓN PREVIA PARA O USO DA INSTALACIÓN VÍA FERRATA SENDA DO SANTO

Esta comunicación previa débese presentar, debidamente cumprimentada e asinada de xeito manuscrito, ou con sinatura electrónica, mediante o procedemento “solicitude xeral” da sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal/>).

Está dirixida, unicamente, ás persoas e entidades organizadoras ás que se refiren os puntos cuarto e quinto do Regulamento de uso da vía ferrata Senda do Santo, e deberá presentarse cun mínimo de 15 días de antelación á data de realización da actividade ou primeira actividade. Transcorrido ese tempo, as entidades solicitantes poden realizar a actividade salvo comunicación contraria por parte deste Concello. A autorización de uso estenderase a un máximo dun ano dende a data de presentación da comunicación previa. Unha vez transcorrido este ano é necesario realizar unha nova solicitude.

Este procedemento regúlase polo Regulamento de uso da vía ferrata Senda do Santo.

ENTIDADE:

Nome e apelidos / Denominación entidade	
NIF/CIF	
Tipo de entidade Indicar si é autónomo/a, empresa, club deportivo, federación, centro de ensino ou outras, especificar cal.	
Nº do rexistro público correspondente a actividade	
Domicilio fiscal Indicar localidade e país	
Teléfono da persoa que asina este documento	
Teléfono/s das persoas que dirixirán e/ou guiarán a actividade	
Correo electrónico de contacto	

REPRESENTANTE DA ENTIDADE, DE SER O CASO.

Nome e apelidos	
NIF	
Cargo na entidade	
<input type="checkbox"/> Declaro que, polo cargo que obstanto na entidade, teño funcións autorizadas ou delegadas suficientes para a realización deste acto administrativo.	



ACTIVIDADE A REALIZAR

Data prevista de comezo de actividade:	
Temporalización da actividade: Describir si a actividade vaise realizar nun so día, ou en varios días de xeito puntual, ou en varios días de forma regular durante diferentes meses ao ano.	
Descrición do perfil dos participantes: Indicar si son ou non maiores de idade, así como o seu nivel de experiencia previa nesta actividade.	
Número de persoas que guiarán e dirixirán a actividade:	

A persoa ou entidade organizadora declara:

- Que conta con todas as autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da actividade.
- Que está correctamente inscrita no rexistro público que corresponda.
- Que todos os equipos que a entidade pon a disposición das persoas usuarias están homologados polos organismos correspondentes, e que reúnen as condicións de seguridade e garantías necesarias para o uso ao que se destinen.
- Que todas as persoas participantes contan cun seguro de accidente deportivo, axeitado e suficiente para a actividade a realizar, que inclúa unha indemnización para supostos de perdas anatómicas e funcionais, e de falecemento, así como a asistencia sanitaria, e o rescate, traslado e asistencia derivados dos accidentes producidos no desenvolvemento da súa actividade.
- Que ten contratado un seguro de responsabilidade civil axeitado e suficiente para a actividade a realizar, polos danos que puidesen ocasionarse ás persoas usuarias, así como a calquera outra persoa, como consecuencia da realización da actividade.
- Que a persoa que guía e dirixe a actividade posúe unha titulación oficial, ou certificado de profesionalidade, que o habilite para as funcións que realiza para unha vía ferrata.
- Que conta, por escrito, cun procedemento ou protocolo de actuación en caso de accidente ou emerxencia, adaptado á Vía ferrata Senda do Santo.

Lin, acepto e me comprometo a acatar as condicións para a realización da actividade descritas no regulamento de uso da Vía ferrata Senda do Santo.

Data e sinatura:

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”



Aberto o turno de intervencións, A Sra. López Rodríguez di: Nós ímonos abster, non temos coñecemento abondo do tema.

O Sr. Rubido Ramonde di: Entendemos que o propietario das instalacións é o Concello, non?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós ímonos abster porque consideramos que non está perfectamente delimitada a responsabilidade civil do Concello, en caso de accidente poden meter ao Concello nun verdadeiro problema. É difícil que cubran as compañías de seguros este tipo de actividades. Nós ímonos abster.

O Sr. Alcalde di: Grazas. Creo que o máis importante, e dígoos sen acritude, é ler os regulamentos. Se se lee o Regulamento que vai a aprobación, vese perfectamente quen ten a responsabilidade no uso destas instalacións. Así como o mesmo tamén pasa co tema das rutas xeolóxicas e moitas outras actividades que se desenvolven desde o Concello. Eu creo que, cando o Concello de Cedeira entra dentro dun proxecto, como é o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, hai moitísimas accións que desde o Concello temos que apoiar. Aquí é onde ten que haber consenso por parte da oposición. A fiscalización da oposición está claro que ten que ser o grupo de goberno, pero hai certos temas que son importantísimos para o Concello, onde todos debemos de apoiar. Cun Regulamento que se está presentando, cun informe de Secretaría, no que en ningún momento se fala do que, por exemplo, acabas de comentar, Luís, porque evidentemente aparece no Regulamento se o queredes ler, na folla 5, de quen é a responsabilidade. Parécenos que é un pouco grave. Parece como se non quixéramos que as cousas que favorecen ó Concello de Cedeira se leven a cabo. Porque isto pasa igual con calquera actividade que se faga. É tan perigoso baixar á Praia das Areas negras como ir á Vía ferrata. Probablemente sexa máis perigoso porque aquí se esixe moitísimo máis, no Regulamento que está aquí, e onde se di no parágrafo terceiro.

O Sr. Alcalde le: “(...) Ante a inexistencia de normas oficiais que regulen a xestión e uso destas instalacións,(...) e co obxecto de garantir unha práctica segura por parte das persoas deportistas (...)”

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Para iso se fixo este Regulamento. Este Regulamento está completo. Faino unha empresa que estuda a lei de arriba a baixo e creo que iso é o máis importante. É unha pena que o proxecto máis importante que temos de desenvolvemento turístico no Concello de Cedeira, no que estamos todos de acordo, porque nisto si que estamos todos de acordo... É dicir, aquí non hai ningún partido, dos que formamos parte da Corporación municipal, nin antes nin agora, nin o notei no mandato anterior co grupo de goberno que, por suposto, estabamos todos a favor, nin tampouco cando entramos. Incluso este proxecto xa se tratou en anteriores reunións, xa apareceron nas de 2014, onde o portavoz, Luís Rubido, xa estaba presente nesas charlas e daba o seu visto bo. Entendo que si que hai cousas que debemos de fiscalizar. Entendo perfectamente que a obra da Praza dos Cabalos a unha xente lle guste e a outra non lle guste. Enténdoo perfectamente. Entendo que de cincuenta obras que se fan pois non guste esa, bueno, pois ata o vexo dende un lado positivo, hai que vela acabada. E así como con outras moitas cousas, como por exemplo a Cetárea das Sonreiras, que se vai executar agora, vai ser outro punto moi importante dentro da xestión do Proxecto do Cabo Ortegal. Como é tamén o museo Mares de Cedeira porque son espazos que nos demanda o Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, do que teñamos no noso municipio. E sorpréndenme estas cousas. Sorpréndeme que cando se fala da mellora da estrada de Valdoviño a Cedeira, a oposición -neste caso o PP, non digo o BNG porque o BNG participou nas negociacións previas- non fale das melloras desa estrada e se limite ao 30 do tramo de Valdoviño no que por suposto nós estivemos de acordo con esa petición que fixo o señor Luís Rubido, igual que estamos co tema do Centro de saúde; quen non está de acordo en que se amplíe o Centro de saúde? Todos estamos de acordo en que se amplíe o Centro de saúde. Podémosnos remitir ás actas do ano 2011 ó 2015 e ver todas as negociacións que houbo co tema do Centro de



saúde. Cando había unha subvención do goberno e cando había resposta da oposición, tanto do BNG como do PSOE naquel momento que se poñían a disposición nos Plenos de apoiar calquera proposta do grupo de goberno, presidido naquel momento polo Sr. Leopoldo Rubido. Poñíanse de acordo, non saían na prensa, sacaban a proposta nun Pleno e a oposición dicía: “Señores do PP, goberno do PP, isto é bo para todos, pónnanse de fronte, dígnanos o que queredes que os vamos a apoiar”. E ao final quedou en nada... Iso falábase nos plenos, hai unha acta dun pleno onde un Alcalde dixo que non sabía que había ese acordo co Goberno central que estaba publicado... Fiscalizar un goberno está moi ben, é completamente lícito porque é o traballo que teñen que facer.

Hai moitas propostas que seguro que favorecen o desenvolvemento social, turístico, cultural de toda Cedeira. Que nos equivocamos? Por suposto. Non se equivoca quen non fai. Estas cousas a min danme certa pena. Cando había un goberno central do PP, había un goberno autonómico do PP e había un goberno local do PP. Ónde están eses investimentos no Centro de saúde? Onde están eses investimentos na estrada de Valdoviño a Cedeira? Que durante trinta anos non se lle tocou, ata que chegamos nós. E non se pode dicir que cando se entrou, no 2011, non había un proxecto, porque había un proxecto do goberno que había do tripartito anterior, cando José Luís Vergara era Alcalde. Había un proxecto entre o Campo do Hospital e Valdoviño, creo que era. Que igual era moi caro? Por suposto que era moi caro. Que igual o había que seccionar en detalles como o intentamos facer nós? Pois si, é verdade. É verdade que en tódolos sitios non podemos ter autovías, quedámonos sen ela, tivemos mala sorte, pero temos que mirar as nosas infraestruturas viarias, son puntos nos que temos que estar de acordo. Eu leo na prensa que noutras localidades portavoces do PP axudan ó goberno do concello en certas materias para facer de interlocutores coa Xunta, para conseguir cousas, porque se conseguen para todos. E teño esa pena.

É como a guerra de Ucraína. Falas da guerra de Ucraína e todo o mundo di que hai axudar, pero realmente sabedes que hai seis persoas veciñas de Ucraína que están residindo en Cedeira e que lles estamos facilitando escolarización, intentando dar traballo, darlles clases e axudándoos desde o Concello? Seguramente que non o saiban, pois si que o hai.

Pasamos unha pandemia onde de verdade agradezo persoalmente e en nome dos meus compañeiros que non houbera esas críticas á xestión da pandemia porque foi durísima para nós e para vós, para as nosas familias e para as vosas familias e para todo o pobo, pero tampouco houbo unha colaboración. Eu tampouco recibín chamadas dos concelleiros e dos portavoces, salvo nalgún caso puntual, para preguntar en que podían axudar. E todo isto está pasando factura.

Eu entendo que se fiscalice un goberno, que se critiquen cousas é normal, é parte dunha oposición, pero hai certas cousas que si non as pelexamos entre todos, non sairán. Isto non é PSOE, PP, BNG, ANOVA... é Cedeira, os veciños de Cedeira, os nosos fillos e todos.

Fixemos un Plan de igualdade que é, quizás, das cousas máis importantes que se fixeron neste Concello, Creamos o tema do punto violeta, Creamos unha guía de linguaxe non sexista, Co traballo que nos levou e ninguén apareceu. Son cousas que, ó final, pois igual tamén temos que facer un pouco de autocritica todos. E eu, por suposto, que a fago en moitísimas cousas, eu equivócome moitísimo. E dáme rabia. E sinto pegarvos este discurso, pero dáme pena porque pódese apoiar. A min pódese dicir: “mira Pablo, o tema da Vía ferrata... e podemos facer isto... e temos unha consulta...”. Enténdoo perfectamente. Seguramente se poida mellorar este Regulamento, pero sempre ir para que non saia, para que non se faga?

A Sra. López Rodríguez di: Repito, nós ímonos abster porque non temos suficiente información. Témolosolicitada. Nós non somos especialistas e sabes de sobra que nós cando tomamos algunha decisión é sabendo ben o que estamos a votar. Polo tanto, non nos deu tempo a que nos deran esta información, sobre todo isto que tiñamos e ímonos abster. Non quita que ó mellor dentro dunha semana pois dicimos: “pois que ben está todo”, pero non nos deu tempo. Ímonos abster e non hai máis que dicir. Polo resto, Pablo, que queres que che diga? A charla estivo ben, pero creo que en moitos puntos era innecesaria.

O Sr. Alcalde di: Grazas Manoli. Esteban, se queres podes participar.



O Sr. Blanco Garrote di: Antes de que fale Luís. Eu creo que non ven a nada o que acabas de dicir porque en ningún momento ninguén votou en contra disto. Eu creo que dende o meu punto de vista é a oposición que houbo máis grata da historia do Concello de Cedeira. Apoiámonos en moitas cousas e votaches un sermón que parecías... Eu estou flipando. Que non che pareza mal, Pablo e que diches un sermón de que votamos en contra vosa... O que dixó Manoli e o que dixó Luís, hai cousas que hai que revisar e nada máis. Non sei a que veu o da Cetárea, o da Praza dos Cabalos... Se empezamos con iso, igual si que tiñamos que opinar algo. Non o digo por mal, é a miña forma de pensar. Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Esteban, eu non estou dicindo que votades en contra. Entendo perfectamente unha fiscalización que sexa sobre moitísimas cousas que se fan dende o grupo de goberno e que non esteades a favor. Non dixen que votades en contra. É máis, dixen que agradezo moito, por un lado, a non crítica dos dous grupos que formades parte da Corporación, que estades na oposición, durante a pandemia. Agradézoo moitísimo, pero tamén boto en falta esa colaboración. E dígoo aquí. Dígoo nun acto plenario, nin na prensa, nin na radio. Nunca me escoitariades dicir que fúchedes unha oposición infiel durante a pandemia, nunca, porque non teño por qué dicilo. Dígoo aquí que estamos falando. E dígoo no sentido de colaboración.

Eu pónovos un exemplo; en vez de vir ó Pleno e pedirnos unhas axudas: “pois haberá que sacar unhas axudas para comerciantes, que se sacaron tres liñas de axudas, unha delas coa Deputación...”. En vez diso, un grupo sae primeiro na prensa, en vez de traer esa moción ó Pleno, que é onde se teñen que falar e tratar esas cousas. Que ó final saíu co apoio de todos. Dende o goberno propuxemos as bases. Cando sacamos outras, díxosenos: “mira, igual hai que modificar isto...” porque nos equivocamos nas primeiras. Refírome a ese tipo de situacións, pero eu non dixen que votábades en contra de todo.

E igual co do Centro de saúde, Se hai cousas que falar do Centro de saúde pois fálase do Centro de saúde, pero nun Pleno. Non se ten que falar do Centro de saúde na prensa, lanzando cousas porque é o que digo; collemos as actas dos Plenos do ano 2012 ao ano 2015 -eu recoméndovos que as busquedes e que as leades- todo o que se falou do Centro de saúde de Cedeira. E agora te encontras coa opinión pública ou a calquera de nosoutros ou a un funcionario nos din; “Qué pasa con isto?”. Pois é o que temos. Compramos dous edificios, un deles no mandato anterior e o outro neste mandato, que o vamos traballar, que estamos pelexando con Costas. Tocounos lidiar con Costas, como lidiamos no Colexio, como lidiamos no Paseo marítimo e en moitas cousas.

E non digo que votárades en contra da Cetárea. O da Cetárea referíame que, para o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal é importantísimo.

E como cando se fala de desbroces. Por suposto que non está todo desbrozado, sendas que deberían estar, pero é que non están agora nin estiveron o ano pasado, non estiveron o anterior, nin no anterior mandato, nin no anterior... por qué? Porque non temos persoal. Porque non hai persoal. As subvencións do fondo de compensación medioambiental coa que todos contratamos persoal, o PP cando estaba. Nos últimos dous anos, creo, ou no último ano, no mandato anterior co grupo de goberno, fixémoslo e este grupo de goberno. Esa subvención veu a última semana de maio, cando antigamente viña a primeiros de maio. E contratábamos seis persoas que nos desbrozaran por todos os lados. A brigada de incendios, asinamos o convenio fai dez días, non deu tempo a contratar. Iso é da Xunta. Pero non vou só políticamente contra a Xunta, non, vou tamén á Deputación; limpeza de praias, é que veu a semana pasada a aprobación definitiva da limpeza de praias. É que hai cousas que non se poden facer porque non temos persoal, non se da para máis.

O que digo é que ás veces, hai que ter coidado coas cousas que se din, polo ben de todos. Agora, que tedes que fiscalizar, por suposto. Que tedes todos boa fe, non o dubido de ninguén. Digo que hai certos asuntos que se teñen que tratar nun Pleno e despois, a partir de aí. Cada un na prensa é libre de dicir o que pensa, solo faltaría, pero creo que hai certos asuntos que se deberían tratar nun Pleno, como facer Plenos temáticos, dun punto determinado. Preséntase unha moción: do campo de fútbol, da piscina de Cedeira, de San Andrés de Teixido, do Xeoparque... Pódese falar do que se queira e despois cada un que traslade o que teña que trasladar. Dígoo en plan positivo, aínda que poida soar a crítica porque ás veces hai cousas que se poden resolver doutra maneira e non se fan.



No tema este da Vía ferrata, Esteban, hai preguntas que se respostan e que se fixeron agora afirmacións que están no Regulamento. Se les o informe de Secretaría e les a proposta do Regulamento aparecen aí. A iso me refiro, pero nada máis. Ás veces tócame aceptar a crítica e teño que soportar polo cargo que teño, son a cabeza visible dun goberno e é así. Teño que facelo e máis co respecto co que me tratades todos, nese sentido non podo dicir unha mala palabra de ninguén. Así como tamén dixemos o outro día, creo que no anterior mandato todos nos equivocamos á hora de dicir moitas veces nos Plenos e dende o mandato anterior creo que houbo un cambio significativo dos temas anteriores a estes con críticas, que agora ségueas habendo e está ben, pero no anterior mandato creo que foron moi desafortunados moitísimos dos Plenos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que vostede ten bastante control sobre a web, sobre o facebook do Concello. A prensa ten profesionais traballando dando notas. Parece que agora lle molesta a vostede que nós vaíamos á prensa e demos a cara, ímolo facer igual. Temos unha responsabilidade coa xente. Voulle dicir unha cousa, como dicía Paco Umbral: “Aquí eu veño a falar do meu libro”. Eu quero falar do que estamos a debater neste momento que é o tema da Vía ferrata. Para min non está resolto o tema da responsabilidade subsidiaria do propietario da instalación. Xa pode poñer o Regulamento calquera frase rimbombante que no Xulgado iso non vai servir ante a responsabilidade do propietario. Iso é do que víñamos a falar, polo tanto merecería, incluso votar non, pero ímonos abster.

O Sr. Alcalde di: Que me fale un portavoz do Partido Popular da manipulación da prensa, despois de ter ao Sr. Feijoo durante a pandemia dando mitins dunha hora e media na TVG, privatizada para el, é un halago. É un halago porque creo que el multiplicaba catrocentas veces o que saía a Sra. Pontón ou o Sr. Gonzalo Caballero. Así que é un halago que nos diga o Partido Popular que manipulamos á prensa. Sigo dicindo, recomendaríalle unha cousa; lea o Regulamento e despois de ler o Regulamento, saque as súas propias conclusións. Pero hai que lelo, de lado a lado.

Volvo a dicilo, non lle vou dicir ao PP como ten que funcionar, solo faltaría. Solo faltaría que me teña que meter eu no Partido Popular, para iso o meu máximo respecto. Agora, creo que nun Pleno temos todos dereito a expresarnos e poder dicir que eu vexo que hai diferentes asuntos, como é o do Centro de saúde, que se deberían falar aquí e poñer todas as cartas enriba da mesa. Dende o 2011 ata agora, vemos o que fixeron uns e outros e buscamos a mellor solución para que todos esteamos de acordo. Vostedes poden saír na prensa as veces que queiran, eu non podo dicirlles o contrario, sólo faltaría, quen son eu? Son un compañeiro máis dun grupo de goberno, dun partido local, dunha agrupación na que estamos contentos co traballo que facemos e no que poderíamos mellorar seguramente en moitas cousas. Non me vou meter tampouco co Bloque Nacionalista Galego de Cedeira, todo o máximo respecto aos dous partidos, coas nosas discrepancias.

Agora ben, o 90% das cousas que se tratan nun Concello creo que todos estamos de acordo porque todos e todas queremos mellorar a vida dos veciños e veciñas de Cedeira. Nese 10% hai discrepancias. Só digo que hai certos temas que se poden tratar e, a partir de aí, que se saquen de onde se saquen. Luís ti estiveches nese mandato do 2011 ao 2015, nese mandato había propostas do BNG e había propostas do PSOE co tema do Centro de saúde que se levaban e os dous partidos se poñían a disposición do goberno para dicirlle: “onde hai que facelo?”, “naquel sitio?”, “naquel sitio”. Iso está nas actas. Iso é o que lle pido, nada máis. Despois cada un que saque as súas conclusións na prensa ou nas redes.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e cinco (5) abstencións, do PP (4) e do BNG (1), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 10:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria Accidental, dou fe.



O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCIDENTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE